

Resumo da Programación
Didáctica

SEGUNDO ESO
Investigación e
Tratamento da
Información

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Cod. centro 27013648 (Viveiro – Lugo)

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN. SEGUNDO CURSO ESO

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

	BLOQUES	CONTIDOS	Temporalización	
			Mes	Sesións
1ª EVAL.	Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital	B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información	Sept. Oct.	4
		B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.		
		B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	Oct.	3
		B1.4. Estratexias de procura eficaz.		
		B1.5. Dereitos de autoría.		
2ª EVAL.	Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección	B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	Nov. Dec.	2
		B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.		
		B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	Xan. Febr.	4
		B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.		
		B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.		
		B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.	Febr.	1
		B2.8. Fiabilidade dos espazos web.		
		B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipédia, etc.		
		B2.10. Valoración da información recollida na rede.	Febr.	1
		Bloque 3. Organizarse para investigar	B3.1. Procesos de investigación.	Febr.
B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.				
B3.3. Traballo en grupo.				
B3.4. Preparación da procura informativa.	Marzo		1	
B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.				
3ª EVAL.	Bloque 4. Procura e tratamento da información	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	Abril	2
		B4.2. Análise e comprensión da información atopada.		
		B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.		
		B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	Abril	1
		B4.5. Citas e referencias.		
	Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación	B5.1. Organización e reelaboración da información.	Abril maio	3
		B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.		
		B5.3. Reelaboración e personalización da información.		
		B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	maio	1
		B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	maio	1
B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	Maio xuño	2		
B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).				
B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	Maio xuño	1		
B5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.				
B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.				

AVALIACIÓN

1. AVALIACIÓN INICIAL

Data de realización: nunha materia coma esta non é preciso ter uns coñecementos previos en moitos dos aspectos dos que se vai tratar, se ben é necesario ter uns rudimentos básicos no uso dos ordenadores. Tan só haberá unha pequena toma de contacto na primeira sesión do curso.

Tipo de proba: consistirá, como dixemos, nunha pequena exploración oral sobre os costumes do alumnado sobre o uso da biblioteca escolar, de como fan os traballos individuais ou grupais e de como se manexan cun ordenador.

Mecanismos de información ás familias: os resultados desta proba serán sempre orientativos e nunca influirán en cualificacións do resto do curso. Non se informará deles, pois cremos que é competencia doutras materias tomar medidas específicas.

Consecuencias dos resultados desta avaliación: non haberá ningunha consecuencia para un resultado negativo nesta proba. En todo caso, terase en conta para unha maior atención por parte da profesora cara a algún alumno.

2. AVALIACIÓN CONTINUA

Probas escritas e periodicidade: dados os contidos da materia, haberá dous tipos de instrumentos de avaliación, dependendo da avaliación da que se trate. Así pois, só haberá unha proba escrita para avaliar o primeiro trimestre. As dúas avaliacións restantes serán avaliadas por outros procedementos.

Nesta proba da primeira avaliación haberá preguntas sobre a biblioteca escolar, sobre como están organizados os fondos das bibliotecas e sobre a CDU ou sobre os dereitos de autor, cualificadas segundo a puntuación indicada nas preguntas da proba.

Cando un alumno non se presente a unha proba terá que presentar un xustificante oficial para que esta sexa repetida.

Modo de cualificación: os diferentes estándares de aprendizaxe serán avaliados segundo os seguintes instrumentos (tal como expuxemos nas táboas do capítulo 2.2 desta programación):

- x A **proba escrita** na **primeira avaliación**.
- x **Un traballo de investigación** na **segunda e na terceira avaliación**. Este traballo será esbozado na **segunda avaliación**, seguindo o aprendido na aula: o alumno indicará os pasos da súa investigación, as fontes, o índice, etc. (bloques 2 e 3 do currículo) e será cualificado a partir diso. Na **terceira avaliación** o traballo será presentado na súa integridade tanto oralmente como por escrito, seguindo as pautas aprendidas nos bloques 4 e 5.
- x **Observación:** aquí consignarase a participación na clase (en postas en común, por exemplo), o interese, o comportamento, etc.
- x **Caderno do alumno:** nel consignaranse os traballos escritos, desenvolvidos individual ou

colectivamente na aula ou fóra dela, que os alumnos deban realizar a petición do profesor. A súa actualización e corrección formal permiten avaliar o traballo, o interese e o grado de seguimento das tarefas do curso por parte de cada alumno.

Cálculo da nota: todos os instrumentos descritos anteriormente terán o seguinte peso na cualificación de cada trimestre:

- x **50 %** → a proba de coñecementos, na 1ª avaliación; o traballo, na 2ª e na 3ª.
- x **50 %** → o apartado de observación do traballo diario nas sesións de clase (isto inclúe o comportamento e a actitude cara a materia, non só o traballo), máis a observación e seguimento do caderno de clase.

As notas de cada avaliación serán redondeadas cara o seguinte número enteiro só nos casos en que se supere o medio punto, agás no caso do catro, no que haberá que acadar un catro setenta e cinco para obter o cinco, que supón o aprobado.

Mecanismos para recuperar unha proba non superada: dada a variedade de probas e instrumentos de avaliación previstos, non haberá recuperacións de probas específicas non superadas.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada: cando unha avaliación non sexa superada, dado o carácter de continuidade que presenta unha materia como esta, non haberá actividades de reforzo específicas agás nos casos en que se considere imprescindible. A recuperación das avaliacións non superadas realizarase mediante **unha proba e/ou un traballo de investigación**, segundo os resultados obtidos nas avaliacións.

Excepcionalmente, non terán que realizar ningunha das probas de recuperación final que acabamos de describir aqueles alumnos que teñan só unha avaliación suspensa (sempre que a nota suspensa sexa superior a 3 puntos) cando a media aritmética das tres avaliacións acade un 5. No caso de teren 2 suspensas, con notas iguais ou superiores a 4, tampouco farán recuperación se acadan o 5 na media aritmética das tres avaliacións.

3. AVALIACIÓN FINAL

Alumnado que debe realizala: como xa expuxemos, o alumnado que supere a materia por avaliacións, non debe realizar ningunha proba de avaliación final. A proba de avaliación final é, en puridade, a proba de recuperación final para superar as avaliacións non superadas.

Tipos de probas:

- x Os alumnos que teñan só a primeira avaliación suspensa –se non están incluídos na excepción xa explicada- deberán realizar unha proba como a realizada nese primeiro trimestre, na que haberá preguntas sobre a biblioteca escolar, sobre como están organizados os fondos das bibliotecas e sobre a CDU ou sobre os dereitos de autor, cualificadas segundo a puntuación indicada nas preguntas da proba;
- x Os alumnos que teñan a segunda avaliación suspensa e non acaden a media de 5 –segundo o exposto na excepción anteriormente explicada- recuperaranse aprobando o traballo de investigación xa rematado, tal como teñen que entregalo e expoñelo na terceira avaliación.
- x Os alumnos que non superen a terceira avaliación deberán emendar o traballo e volver a

entregalo ou volver a repetir a exposición oral, rectificando os erros sinalados pola profesora.

- ✘ Os alumnos que teñan todo o curso suspenso deberán facer a proba escrita da primeira avaliación e repetir o traballo de investigación cos erros emendados.

Estándares que se van a avaliar: na proba escrita incluíranse os estándares de aprendizaxe marcados nas táboas do capítulo 2.2. desta programación cun 1 de grao mínimo para superar a materia. No corrección do traballo tamén serán tidos en conta fundamentalmente eses estándares.

Cálculo da cualificación final: a cualificación final do alumnado que non teña que ir á proba de avaliación final (recuperación) será a nota media achada entre a nota obtida nos tres trimestres. Procederáse ao redondeo cara o seguinte número enteiro a partir do medio punto.

A cualificación do alumnado que realice a proba de recuperación por avaliacións será tamén a da media dos trimestres, tendo en conta que a nota da avaliación non superada será substituída pola nota acadada nesta proba final. No caso dos alumnos que só teñan a segunda avaliación suspenso, esta non será tida en conta para achar a media se o traballo da terceira está aprobado.

Criterios para a promoción: serán os sinalados no artigo 23 sobre a promoción (Título I. Educación Secundaria Obrigatoria. Capítulo III. Avaliacións, promoción e titulación) do D86/2015 de 25 de xuño. Non hai planificados no centro criterios especiais neste momento.

4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Data de realización: 1 o 2 de setembro.

Tipo de proba: será un traballo de investigación realizado no verán tomando como fontes principais a biblioteca municipal e internet, seguindo as pautas explicadas durante o curso.

OUTROS ASPECTOS

1. DATOS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura do IES Vilar Ponte de Viveiro neste curso 2016-2017 está composto polas profesoras que a continuación se citan, cos seus respectivos cursos e grupos asignados:

DOCENTE	MATERIA	Cursos/Grupos	Nº horas	Nº horas total
MANUELA SALGADO FERNÁNDEZ	LCeL	3º ESO A+B+C	9	19
	Ámbito Sociolingüístico	2º ano de PMAR	9	
	Titoría	PMAR	1	
CAROLINA MARIÑO GARCÍA	LCeL	4º ESO A+B+C	9	19
	LCeL	2º BACH. A + B	6	
	Titoría	4º ESO A	1	
	Equipo de biblioteca	BIBLIOTECA	3	
	Literatura Esp. no Cine	1º BACH.	1	
ANA MARÍA TATO ÁLVAREZ (Xefatura do Departamento)	LCeL	1º BACH. A + B	6	18
	Literatura Universal	1º BACH. A + B	8	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
	Dinamización e Coordinación do equipo	BIBLIOTECA	3	
MARÍA DE LOS ÁNGELES MURIAS SIÑERIZ	LCeL	2º ESO A + C	6	17
	LCeL	A.E.T. 2º ESO	3	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	1º ESO (dous grupos)	4	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	2º ESO (un grupo)	2	
	Comprensión e Expresión Escrita	1º ESO	1	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
MARÍA DEL PILAR MARTÍN FERNÁNDEZ	LCeL	1º ESO A+B+C	12	15
	LCeL	2º ESO B	3	

2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADE	FINALIDADE	PROFESOR	NIVEL	DATA PREVISTA
1. Representación teatral de <i>El perro del hortelano</i> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en Santiago (Palacio de Congresos de Galicia). Aproveitarase a viaxe para facer outras visitas de interese cultural para o alumnado, como a subida as cubertas da catedral.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Ana Tato	1º BACH.	13/02/2017
2. Representación teatral de <i>Historia de una escalera</i> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en Lugo (Auditorio Gustavo Freire). Como no caso anterior, aproveitarase a viaxe para facer outras visitas pola cidade de interese cultural para o alumnado.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Carolina Mariño Ana Tato	4º ESO 2º BACH.	19/01/2017
3. Aplicación nas aulas do programa periodístico de <i>La Voz de Galicia</i> , "Prensa-escuela". Inclúe a recepción de exemplares de balde os mércores e comentario do contido e estrutura das noticias.	Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos. Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos.	Mª Pilar Martín	1º ESO	Todo o curso
4. Visita de Raúl Vacas, autor dunha das obras de lectura de 1º ESO da editorial Edelvives.	Aproximación á figura do autor e do proceso creativo da súa obra.	Mª Pilar Martín	1º ESO	12/12/2016
5. Concursos varios que se concretarán ao longo do curso. Colaboracións coa biblioteca do centro.	Motivación ao alumnado.	Todas as profesoras do departamento	ESO BACH.	Todo o curso

Viveiro (Lugo), 2 de decembro de 2016



Asdo. Ana María Tato Álvarez
Xefa de Departamento